



Concesión das Subvencións Municipais destinadas a promoción e o apoio a actividade deportiva no Concello de Ponteareas durante o ano 2025 aprobadas mediante o DECRETO 2025-2529 e o DECRETO 2025-3699 (modificación) e publicada a súa convocatoria no BOPPO do 20 de xuño de 2025 e BOPPO do 1 de xullo de 2025 (modificación) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Vista a documentación obrante no expediente de referencia.

Vista a acta da comisión de valoración trala sesión celebrada o 16 de outubro de 2025, na que consta o seguinte:

«...

ASUNTO QUE SE TRATA

Resolver definitivamente as solicitudes presentadas de acordo coas Bases de Subvencións Municipais destinadas a promoción e o apoio a actividade deportiva no Concello de Ponteareas durante o ano 2025

Visto que consta no expediente o informe de Rexistro, de data 15/10/2025, indicando a relación de solicitudes presentadas en tempo e forma a través de rexistro presencial ou da sede electrónica, unha vez consultado o programa informático.

Visto o artigo cuarto das bases reguladoras que indica que:

«Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas persoas físicas ou xurídicas que, reunindo os requisitos específicos de cada liña de axuda, cumpran as condicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estean incursas nas prohibicións establecidas no dito artigo nin no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o Concello de Ponteareas, nos termos establecidos na normativa reguladora das subvencións.

Requisitos específicos por liña de axuda

Liña 1. Clubs e entidades deportivas



Poderán acceder a esta liña os clubs, asociacións ou agrupacións deportivas legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio fiscal no Concello de Ponteareas, desenvolvan a súa actividade principal no seu termo municipal e estean integradas na federación deportiva correspondente, agás as excepcións previstas nestas bases.

Non poderán optar:

- *As federacións deportivas.*
- *Os clubs integrados en institucións oficiais.*
- *As entidades con convenio nominativo vixente en relación cun obxecto análogo.*

Liña 2. Deportistas individuais

Poderán optar aquelas persoas deportistas:

- *Empadroadas en Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano na data de publicación da convocatoria.*
- *En posesión de licenza federativa vixente.*
- *Que teñan participado, a título individual, en campionatos oficiais de ámbito internacional, nacional ou autonómico ou en convocatorias coas seleccións galega, española ou calquera outra recoñecida federativamente.*

Non poderán optar:

- *Deportistas incluídos en programas de alto rendemento olímpico.*
- *Deportistas que compitan exclusivamente en equipos en ligas regulares.*
- *Os deportistas que contén con sanción disciplinaria firme ou teñan sido obxecto de descualificación por conduta antideportiva.*

Liña 3. Deportistas de motor

Poderán optar aquelas persoas deportistas:

- *Empadroadas no Concello de Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano contado desde a data de publicación da convocatoria.*
- *En posesión da licenza federativa vixente, emitida pola federación deportiva correspondente e vinculada a disciplinas de motor.*

Non poderán optar:



- *Os deportistas que contén con sanción disciplinaria firme ou teñan sido obxecto de descualificación por conduta antideportiva*

En base a este artigo **ADMÍTENSE as seguintes solicitudes:**

CLUBS DEPORTIVOS

CLUB DE BILLAR PONTEAREAS

CLUB PATINAXE ARTÍSTICO LUAR

CLUB PATINAXE ARTISTICA TEA

CLUB BALONCESTO CONDADO

SOCIEDADE DEPORTIVA OLIVEIRA

S. D. JUVENIL DE PUENTEAREAS

XINZO FÚTBOL CLUB

CLUB CAS, LA ESCUELA DEL BILLAR

HOQUEI CLUB PONTEAREAS

CLUB DE PETANCA EL PARQUE

CLUB XADREZ PONTEAREAS

CLUB SPORT FACTORY

CLUB BADMINGTON PONTEAREAS

CLUB TENIS PONTEAREAS

CAMINHANTES DO CONDADO

SPORTING CLUB SAN MATEO

CLUB NATACION PONTEAREAS

SOCIEDAD DEPORTIVA PONTEAREAS

PONTEBIKE TEAM



ASOCIACIÓN DEPORTIVA VILA DO CORPUS

CLUB CULTURAL AREAS

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

MELANIA RODRÍGUEZ MUÑOZ (GIMNASIA)

AINOA POSADA ALTOLAGUIRRE
(CICLISMO)

ADRIÁN DOMÍNGUEZ DÍAZ (CICLISMO)

LUCAS LEIRÓS FERNÁNDEZ (NATACIÓN)

FCO. JAVIER RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
(NATACIÓN)

MARGARITA DEL AMO BLANCO
(NATACIÓN)

YOEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ (NATACIÓN)

CARLOS BAUTISTA BUGARÍN (TRIATLÓN)

TOMÁS BAUTISTA BUGARÍN (TRIATLÓN)

SOFIA CARBALLO GONZALEZ (NATACIÓN)

MARIA CRISTINA CALVIÑO CANCELA
(NATACIÓN)

DARIO PÉREZ PAZ (NATACIÓN)

VERONICA VARELA REDONDO
(NATACIÓN)

YOEL FARO MARTINEZ (NATACIÓN)

CARLA FARO MARTINEZ (NATACIÓN)

LAURA BLANCO PEREZ (NATACIÓN)

HUGO CANCELA GOMEZ (NATACIÓN)



ZAIRA LEMOS FERNANDEZ (NATACIÓN)

IRIA GUADALUPE LEMOS FERNANDEZ
(NATACIÓN)

MARIA QUINTAS MELON (NATACIÓN)

BASILIO PORTO TABOAS (BADMINGTON)

DENIS INCUTTI TELLADO (TRIATLÓN)

NAHIR COVELO SAAVEDRA (NATACIÓN)

JAVIER VILA PORTO (TRIATLÓN)

DEPORTE DO MOTOR

SAUL BARGIELA SEOANE (RALLY)

CARLOS MARTIN BUGARIN QUINTELA
(RALLY)

SAMUEL TELLADO RODRIGUEZ (RALLY)

ANA ISABEL VEIGA ESTÉVEZ (RALLY)

OSCAR CHAMORRO PÉREZ (RALLY)

JUAN ANTONIO FDEZ. CAMPOS (RALLY)

SUEVIA GONZALEZ SEOANE (RALLY)

MELISA PREGO RIVAS (RALLY)

MARCOS ANTONIO RODRIGUEZ LEDO
(RALLY)

O artigo cuarto das bases reguladoras aclara que en canto aos requisitos específicos da **liña 2**, só poderán optar á obtención da axuda aquelas persoas:

«
*Que teñan participado, **a título individual**, en campionatos oficiais de ámbito internacional, nacional ou autonómico ou en*



convocatorias coas seleccións galega, española ou calquera outra recoñecida federativamente”.

Poderán optar aquelas persoas deportistas que, aínda formando parte dun club ou equipo, **participen de forma individual** en competicións oficiais recoñecidas, sempre que **se poida acreditar a súa participación individualizada**.

»

Por tal motivo,

QUEDAN EXCLUIDAS da convocatoria por incumprimento do artigo cuarto das Bases Reguladoras as seguintes solicitudes correspondentes a liña de deportistas individuais:

ELIANA RODRÍGUEZ IGLESIAS (PATINAXE)
DANIELA RODRÍGUEZ IGLESIAS (PATINAXE)
LUCÍA SOTO GROBA (PATINAXE)
MARTA ÁLVAREZ ÁLVAREZ (PATINAXE)
MARÍA ABRIL DIÉGUEZ (PATINAXE)

QUEDA EXCLUIDA da convocatoria por presentación de solicitude fora do prazo indicado no artigo noveno das bases reguladoras. Segundo o informe remitido dende o Rexistro de Entrada do Concello, presentouse **en data 31/07/2025 as 09:32 h**, a seguinte solicitude:

CLUB CICLISTA PONTEAREAS

Vista a documentación presentada nas solicitudes e de acordo cos criterios de valoración e co artigo sexto das bases que indica que:

«En ningún caso o importe total das subvencións concedidas poderá superar o custo total da actividade subvencionada. De producirse esta circunstancia, aplicárase a redución proporcional que corresponda ou se procederá ao reintegro do exceso, consonte ao previsto no artigo 34 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

»

OUTORGANSE as seguintes puntuacións:

CADRO DE PUNTUACIÓNS E AXUDA ECONÓMICA

ENTIDADES DEPORTIVAS:	PUNTOS	SUBVENCIÓN CON AXUSTE	LÍMITE EN FUNCIÓN DO XUSTIFICADO	AXUDA QUE LLE CORRESPONDERÍA
1. CLUB BILLAR PONTEAREAS	29	4298,17 €	7715,42€	4560,59 €
2. CLUB PATINAXE ARTÍSTICO LUAR	59	8744,55 €	24756€	9278,45€
3. CLUB PATINAXE ARTÍSTICA TEA	39	5780,3 €	18125,04€	6133,21€

Cod. Validación: 5EY99M7P5Y2XONQ3D33AAYDQ9
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 18



4. CLUB BALONCESTO DO CONDADO	76	11264,17 €	35572,88€	11951,9€
5. SOCIEDADE DEPORTIVA OLIVEIRA	23	3408,89 €	3141€	3141€
6. SD JUVENIL DE PONTEAREAS	43	6373,15 €	73340,57€	6762,26€
7. XINZO FÚTBOL CLUB	39	5780,3 €	16104,37€	6133,21€
8. CLUB CAS, LA ESCUELA DEL BILLAR	28	4149,96 €	21448,54€	4403,33€
9. HOQUEI CLUB PONTEAREAS	20	2964,25 €	43396,48€	3145,24€
10. CLUB PETANCA EL PARQUE	15	2223,19 €	446,15€	446,15€
11. CLUB XADREZ PONTEAREAS	58	8596,34 €	8195€	8195€
12. CLUB SPORT FACTORY	55	8151,7 €	10200€	8649,4€
13. CLUB BADMINGTON PONTEAREAS	76	11264,17 €	20000€	11951,9€
14. CLUB DE TENIS PONTEAREAS	78	11560,59€	51175€	12266,42€
15. CAMINHANTES DO CONDADO	25	3705,32 €	5340€	3931,54€
16. SPORTING CLUB SAN MATEO	65	9633,83 €	21320,96€	10222,02€
17. CLUB NATACIÓN PONTEAREAS	93	13783,78 €	157200€	14625,35€
18. SOCIEDAD DEPORTIVA PONTEAREAS	65	9633,83€	21508,47€	10222,02€
19. PONTEBIKE TEAM	39	5780,3 €	24450,57€	6133,21€
20. ASOCIACIÓN DEPORTIVA VILA DO CORPUS	69	10226,68 €	55000€	10851,06€
21. CLUB CULTURAL AREAS	87	12894,51 €	49900€	13681,78€

DEPORTISTAS INDIVIDUALES:	PUNTOS	SUBVENCIO N CON AXUSTE	LÍMITE EN FUNCIÓN DO XUSTIFICADO OU LÍMITE MÁXIMO	AXUDA QUE LLE CORRESPONDERÍA
1. MELANIA RODRÍGUEZ MUÑOZ	81	1000 €	1000€	1000€

Cod. Validación: 5FY99M7P5YZXNQ3D33AAYD09
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 18



2. AINOA POUSADA ALTOLAGUIRRE	68	849,41 €	1000€	849,41€
3. ADRIÁN DOMÍGUEZ DÍAZ	56	699,51 €	1000€	699,51€
4. LUCAS LEIRÓS FERNÁNDEZ	75	936,85 €	1000€	936,85€
5. FCO. JAVIER RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ	36	449,69 €	500-1.000€	449,69€
6. MARGARITA DEL AMO BLANCO	43	537,13 €	<500€	500€
7. YOEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ	70	874,39 €	1000€	874,39€
8. CARLOS BAUTISTA BUGARÍN	70	874,39€	1000€	874,39€
9. TOMÁS BAUTISTA BUGARÍN	75	936,85 €	1000€	936,85€
10. SOFÍA CARBALLO GONZÁLEZ	70	874,39 €	1000€	874,39€
11. MARÍA CRISTINA CALVIÑO CANCELA	45	562,11 €	<500€	500€
12. DARÍO PÉREZ PAZ	75	936,85 €	1000€	936,85€
13. VERÓNICA VARELA REDONDO	56	699,51 €	500-1000€	699,51€
14. YOEL FARO MARTÍNEZ	70	874,39 €	1000€	874,39€
15. CARLA FARO MARTÍNEZ	70	874,39 €	1000€	874,39€
16. LAURA BLANCO PÉREZ	47	587,09 €	500-1000€	587,09€
17. HUGO CANCELA GÓMEZ	55	687,02 €	1000€	687,02€
18. ZAIRA LEMOS FERNÁNDEZ	53	662,04 €	<500€	500€
19. IRIA GUADALUPE LEMOS FERNÁNDEZ	66	824,43 €	500-1000€	824,43 €
20. MARÍA QUINTAS MELON	75	936,85 €	1000€	936,85€
21. BASILIO PORTO TÁBOAS	70	874,39 €	1000€	874,39€
22. DENIS INCUTTI TELLADO	41	512,14 €	1000€	512,14€



23. NAHIR COVELO SAAVEDRA	50	624,57 €	1000€	624,57€
24. JAVIER VILA PORTO	24	299,79 €	<500€	299,79 €

DEPORTISTAS DE MOTOR:	PUNTOS	SUBVENCIO N CON AXUSTE	LÍMITE EN FUNCIÓN DO XUSTIFICADO OU LÍMITE MÁXIMO	AXUDA QUE LLE CORRESPONDERÍA
1. SAUL BARGIELA SEOANE	40	1263,16€	400€	400€
2. CARLOS MARTIN BUGARÍN QUINTELA	5	157,89€	157,89 €	157,89 €
3. SAMUEL TELLADO RODRÍGUEZ	50	1578,95€	400€	400€
4. ANA ISABEL VEIGA ESTÉVEZ	45	1421,05€	400€	400€
5. OSCAR CHAMORRO PÉREZ	50	1578,95€	400€	400€
6. JUAN ANTONIO FDEZ. CAMPOS	50	1578,95€	400€	400€
7. SUEVIA GONZÁLEZ SEOANE	35	1105,26€	400€	400€
8. MELISA PREGO RIVAS	40	1263,16€	400€	400€
9. MARCOS ANTONIO RODRÍGUEZ LEDO	60	2052,63€	400€	400€

CRITERIOS DE VALORACIÓN segundo o indicado na base sétima:

LIÑA 1 - CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS

BLOQUE A - Licenzas federativas por categoría

- Só se terán en conta licenzas válidas e verificables mediante certificación federativa oficial.
- Os clubs deberán presentar un anexo específico co número de licenzas federativas, desagregadas por categoría e xénero, que será empregada tamén para valorar o criterio de igualdade

BLOQUE B - Igualdade de xénero nas licenzas



- Será imprescindible presentar a certificación federativa desagregada por xénero.
- Poderán adaptarse os tramos en modalidades cunha baixa representación feminina estrutural, mediante acordo da comisión.

BLOQUE C - Actividade competitiva

- Só se valorarán competicións oficiais con calendario regular, organizadas ou recoñecidas polas federacións. Valórase a máis alta acadada pola entidade sexa de base ou absoluto.
- Deberá presentarse documentación acreditativa das competicións.

BLOQUE D - Programas paralelos

- Cada acción acreditada correctamente sumará 2 puntos, con independencia da liña temática á que pertenza.
- As actividades deben ser promovidas ou executadas directamente pola entidade

BLOQUE E - Relevancia e continuidade do proxecto deportivo

- A antigüidade deberá xustificarse documentalmente.
- As categorías activas acreditaranse mediante documentación federativa.

BLOQUE F - Capacidade de xestión e equilibrio orzamentario

- O equilibrio valorarase sobre os datos achegados no orzamento presentado.
- O cumprimento anterior só se valorará se hai historial no programa de subvencións.

BLOQUE G - Capacidade de autofinanciación

- Declaración responsable asinada pola entidade acreditando que o 25% ou máis dos ingresos do club proceden de fontes distintas das subvencións públicas.

LIÑA 2 - DEPORTISTAS INDIVIDUAIS

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado

- Valoraranse os resultados máis relevantes obtidos en competicións oficiais.

BLOQUE B - Ámbito da competición máis relevante



- Tomarase como referencia o ámbito máis alto no que participou durante o período subvencionable

BLOQUE C - Participación en competicións oficiais

- Só se computarán competicións oficiais federadas dentro do período subvencionable.

BLOQUE D - Pertenza a seleccións oficiais

- Debe acreditarse mediante certificado oficial da federación correspondente

BLOQUE E - Compromiso académico

- Pode acreditarse con copia da matrícula, expediente ou boletín de calificacións

BLOQUE F - Volume de gastos deportivos xustificados

- Admitiranse xustificantes vinculados á actividade deportiva: licenzas, desprazamentos, material, cotas..

LIÑA 3 - DEPORTE DO MOTOR

BLOQUE A - Nivel competitivo acadado

BLOQUE B - Número de probas realizadas

- Só se computarán probas oficiais incluídas nos calendarios federativos.
- Será obrigatorio achegar certificación federativa ou documentación que acredite a participación e finalización de cada proba

BLOQUE C - Gastos deportivos xustificados

Só se admitirán gastos directamente vinculados á actividade deportiva subvencionada (inscricións, taxas federativas, desprazamentos, material técnico, seguros...).

Os gastos deberán estar documentados con factura ou xustificante oficial de pago.

BLOQUE D - Resultados deportivos acadados

Tomarase como referencia o mellor resultado individual no período subvencionable.

Deberá achegarse acta oficial da proba ou certificado da federación.

...»



Vista a proposta do Concelleiro de Deportes de data 17 de outubro de 2025

Visto o informe de Intervención Municipal de data 20 de outubro de 2025, no que se sinala:

«...

De conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o seguinte informe de fiscalización previa, logo de realizar as seguintes comprobacións:

- Que os gastos ou obrigacións propóñanse ao órgano competente, sendo o órgano competente para a aprobación do expediente a Alcaldía
- Que exista crédito orzamentario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto que se propón contraer, para ese efecto compróbase que no expediente consta documento contable núm. 7976 de retención de crédito, e non se supera o límite máximo subvencionable por actuación.
- Que o contido e a tramitación do expediente axústese ás disposicións aplicables ao caso, en especial, ao previsto no Capítulo II do Título Preliminar e o Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que do exame de todos os documentos obrantes no expediente, compróbase que se cumpran os requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, e verifícase que se atopen recollidos todos os documentos preceptivos.
- Que, tratándose dun expediente de compromiso de gasto, exista previa autorización do mesmo e, no seu caso, a súa fiscalización favorable.

Co seguinte efecto:

...

(2) Procede a tramitación do Expediente, no seu caso, con as observacións non suspensivas indicadas.

...

...»

Atendendo a proposta do Concelleiro delegado de deportes e no uso das atribucións que me confire o artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril e por delegación polo Decreto de Alcaldía núm. 2023-2484, do 19 de outubro de 2023

RESOLVO



PRIMEIRO: EXCLUIR da convocatoria por incumprimento do artigo cuarto das Bases Reguladoras as seguintes solicitudes correspondentes a liña de deportistas individuais:

ELIANA RODRÍGUEZ IGLESIAS (PATINAXE)
DANIELA RODRÍGUEZ IGLESIAS (PATINAXE)
LUCÍA SOTO GROBA (PATINAXE)
MARTA ÁLVAREZ ÁLVAREZ (PATINAXE)
MARÍA ABRIL DIÉGUEZ (PATINAXE)

SEGUNDO: EXCLUIR da convocatoria por presentación de solicitude fora do prazo indicado no artigo noveno das bases reguladoras a seguinte solicitude:

CLUB CICLISTA PONTEAREAS

TERCEIRO: APROBAR a concesión das seguintes Subvencións Municipais destinadas a promoción e o apoio a actividade deportiva no Concello de Ponteareas durante o ano 2025:

ENTIDADES DEPORTIVAS:	AXUDA
1. CLUB BILLAR PONTEAREAS	4560,59€
2. CLUB PATINAXE ARTÍSTICO LUAR	9278,45€
3. CLUB PATINAXE ARTÍSTICA TEA	6133,21€
4. CLUB BALONCESTO DO CONDADO	11951,9€
5. SOCIEDADE DEPORTIVA OLIVEIRA	3141€
6. SD JUVENIL DE PONTEAREAS	6762,26€
7. XINZO FÚTBOL CLUB	6133,21€
8. CLUB CAS, LA ESCUELA DEL BILLAR	4403,33€
9. HOQUEI CLUB PONTEAREAS	3145,24€
10. CLUB PETANCA EL PARQUE	446,15€
11. CLUB XADREZ PONTEAREAS	8195€
12. CLUB SPORT FACTORY	8649,4€



13. CLUB BADMINGTON PONTEAREAS	11951,9€
14. CLUB DE TENIS PONTEAREAS	12266,42€
15. CAMINHANTES DO CONDADO	3931,54€
16. SPORTING CLUB SAN MATEO	10222,02€
17. CLUB NATACIÓN PONTEAREAS	14625,35€
18. SOCIEDAD DEPORTIVA PONTEAREAS	10222,02€
19. PONTEBIKE TEAM	6133,21€
20. ASOCIACIÓN DEPORTIVA VILA DO CORPUS	10851,06€
21. CLUB CULTURAL AREAS	13681,78€

DEPORTISTAS INDIVIDUALES:	AXUDA
1. MELANIA RODRÍGUEZ MUÑOZ	1000€
2. AINOA POUSADA ALTOLAGUIRRE	849,41€
3. ADRIÁN DOMÍGUEZ DÍAZ	699,51€
4. LUCAS LEIRÓS FERNÁNDEZ	936,85€
5. FCO. JAVIER RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ	449,69€
6. MARGARITA DEL AMO BLANCO	500€
7. YOEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ	874,39€
8. CARLOS BAUTISTA BUGARÍN	874,39€
9. TOMÁS BAUTISTA BUGARÍN	936,85€
10. SOFÍA CARBALLO GONZÁLEZ	874,39€
11. MARÍA CRISTINA CALVIÑO CANCELA	500€



12. DARÍO PÉREZ PAZ	936,85€
13. VERÓNICA VARELA REDONDO	699,51€
14. YOEL FARO MARTÍNEZ	874,39€
15. CARLA FARO MARTÍNEZ	874,39€
16. LAURA BLANCO PÉREZ	587,09€
17. HUGO CANCELA GÓMEZ	687,02€
18. ZAIRA LEMOS FERNÁNDEZ	500€
19. IRIA GUADALUPE LEMOS FERNÁNDEZ	824,43€
20. MARÍA QUINTAS MELON	936,85€
21. BASILIO PORTO TÁBOAS	874,39€
22. DENIS INCUTTI TELLADO	512,14€
23. NAHIR COVELO SAAVEDRA	624,57€
24. JAVIER VILA PORTO	299,79€

DEPORTISTAS DE MOTOR:	AXUDA DEFINITIVA
1. SAUL BARGIELA SEOANE	400€
2. CARLOS MARTIN BUGARÍN QUINTELA	157,89 €
3. SAMUEL TELLADO RODRÍGUEZ	400€
4. ANA ISABEL VEIGA ESTÉVEZ	400€
5. OSCAR CHAMORRO PÉREZ	400€
6. JUAN ANTONIO FDEZ. CAMPOS	400€
7. SUEVIA GONZÁLEZ SEOANE	400€
8. MELISA PREGO RIVAS	400€



CUARTO: A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación. Tamén se remitira a resolución na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

QUINTO: Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión, entenderase aceptada a subvención por parte das persoas ou entidades beneficiarias, salvo que expresamente renuncien a ela no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución na sede electrónica do Concello de Ponteareas.

A renuncia deberá formalizarse mediante escrito dirixido ao órgano instructor, preferentemente a través da sede electrónica municipal. No caso de producirse renuncias, exclusións ou revogacións que deixen crédito dispoñible dentro da mesma liña de subvención, o Concello poderá redistribuír o importe resultante entre o resto das solicitudes admitidas na mesma liña, seguindo o criterio proporcional previsto nestas bases e sen superar os límites máximos establecidos.

SEXTO: As persoas ou entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos recibidos, mediante a presentación dunha conta xustificativa.

O prazo para presentar a xustificación será ata o **31 de outubro de 2025**, inclusive.

A conta xustificativa deberá incluír:

- Relación detallada dos gastos realizados (modelo normalizado) **[ANEXO IX]**.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente emitidos a nome da entidade ou persoa beneficiaria.
- Xustificantes de pagamento (transferencia bancaria, tarxeta, cargo en conta, etc.).
- Calquera outra documentación complementaria que se determine nas instrucións da convocatoria.

Só serán admitidos como gastos xustificables aqueles que:



- Se axusten aos conceptos previstos nestas bases.
- Estean realizados e pagados no período subvencionable.
- Se xustifiquen mediante factura e comprobante de pagamento.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas a nome da entidade ou persoa beneficiaria.

Admitiranse pagamentos en efectivo por importe inferior a 300,00 €, sempre que se xustifiquen mediante factura ou documento de valor probatorio equivalente e que se axusten ao disposto no artigo 42.1 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os gastos por importe superior a 300,00 € deberán ser aboados mediante medio bancario.

Non se admitirán como válidos, nestes casos, os pagos en metálico.

Admitiranse pagamentos en metálico cando:

- O importe individual ou acumulado por provedor non supere os 300,00 €.
- Se xustifique mediante factura asinada polo provedor co indicativo de “pagado en efectivo”.

Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva das facturas, agás que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique documentalmente estar exenta do pagamento do IVE. Neste caso, poderá computarse o importe total da factura.

O pagamento da subvención realizarase unha vez verificada a xustificación presentada. En caso de que o importe xustificado sexa inferior ao inicialmente concedido, o pagamento axustarase proporcionalmente.

No caso de que a documentación presentada sexa incompleta ou conteña erros ou defectos emendables, o Concello poderá requirir á persoa ou entidade beneficiaria para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a xustificación ou achegue os documentos que falten. De non facelo no prazo sinalado, considerarase que non se cumpriu coa obriga de xustificación, podendo iniciarse o correspondente procedemento de reintegro conforme á normativa aplicable.



Juan Carlos González Carrera
(Documento asinado electrónicamente a marxe)

